



**PROTOCOLO  
SERVIZO  
DE  
COMEDOR  
ESCOLAR**

**CEIP. P. A  
DOBLADA**

**CURSO 2020/2021**

## INTRODUCCIÓN

O comedor escolar é un servizo educativo complementario necesario para garantir a igualdade de oportunidades sociais e educativas. Ten un marcado carácter educativo no fomento de hábitos hixiánicos, alimentarios e sociais dos nenos e nenas e de apoio á conciliación da vida laboral e familiar.

O comedor escolar do **CEIP plurilingüe A DOBLADA** é un comedor de tipo B (de 76 a 150 comensais) que se xestiona segundo a modalidade de xestión indirecta da Consellería de Educación a través da cesión do servizo a unha empresa de catering. Este curso a empresa encargada concesionaria é **EUREST COLECTIVIDADE SL** O número de prazas disponibles é de 128 usuarios a data de 11/09/2019, sendo incrementadas en 2 prazas con data de 02/12/2019, sendo en total **130 prazas autorizadas** e en marzo con data de 6/03/2020 aumentannos 6 prazas máis quedando un total de **136 prazas**.

Este curso contamos con 136 prazas

O protocolo do servizo de comedor escolar do CEIP plurilingüe A DOBLADA de VIGO recolle as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor.

A dirección do centro é a encargada da súa elaboración.

O Consello Escolar, como órgano colexiado, é o encargado de aprobar o seu regulamento e as súas normas de funcionamento.

O Protocolo de servizo do comedor escolar é un documento que forma parte do Proxecto Educativo de Centro, do Plan Xeral Anual e do Plan de Convivencia.

## MARCO LEXISLATIVO

O funcionamento do comedor escolar réxese polo regulamento establecido no seguinte marco lexislativo:

- ❖ Lei 14/2013 de racionalización do sector público autonómico.

- ❖ **DECRETO 132/2013, do 1 de agosto**, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.
- ❖ **Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro**, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- ❖ **ORDE do 21 de febreiro de 2007**, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- ❖ **Instrucción 3/2020** da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 16 de xuño sobre o funcionamento dos comedores escolares **de xestión indirecta do curso escolar 2020/2021**.
- ❖ Seguindo o **PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2022 (versión 22-07-2020)** no punto 14. medidas xerais en relación co uso do servizo de comedor:
- ❖ O alumnado deberá estar separado por 1,5 m de distancia ou 1m sempre que non estean encarados.
- ❖ O alumnado sentarase agrupados por aulas na medida do posible, e manterase a continuidade do grupo de pertenza.
- ❖ O persoal colaborador respectará as rateos que correspondan ao nº de alumnos/as presentes en cada unha das quendas, o persoal colaborador será o mesmo en cada unha das quendas.
- ❖ O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús. (a empresa aporta o seu **PLAN DE TRABAJO POST COVID ESCOLARES** E O MANUAL DE POST COVID PARA CLIENTES CON **MEDIDAS PREVENTIVAS EN EL SERVICIO DE RESTAURACIÓN**)(ADJUNTO ANEXOS).

Esta normativa contempla o comedor escolar como un servizo complementario de carácter educativo, compensatorio e social, ademáis de ser un instrumento para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.

## INSCRICIÓN E ADMISIÓN

Para utilizar o servizo de comedor deberá cumprirse cos requisitos que marcan as instrucións da Secretaría Xeral Técnica para cada curso escolar e cubrir debidamente o impreso de solicitude, que as familias poderán pedir na Secretaría do centro ou ben descargar da páxina web do centro.

De haber máis solicitudes que prazas será o Consello Escolar quen as revisará, baremará e avaliará segundo unha orde de preferencia establecida en ditas instrucións.

As solicitudes para ser usuario do comedor escolar faranse no mes de xuño. Todo o alumnado usuario do comedor escolar deberá renovar a solicitude para o seguinte curso. No mes de setembro poderán realizarse modificacións respecto aos os días de uso do servizo. Excepcionalmente e sempre por causas xustificadas se poderá solicitar o servizo fora destes prazos.

O alumnado pode ser usuario do comedor escolar todos os días da semana ou días alternos fixos pero **non poderá facer uso do servizo de maneira esporádica.**

## PREZOS E FORMA DE PAGAMENTO

Os prezos do servizo de comedor e a forma de pagamento veñen establecidos nas **instrucción 3/2020** da Secretaría Xeral Técnica do 16 de xuño, e dependen da renda per cápita do ano anterior de cada familia.

Os importes establecidos son de 0 €, 1 €, 2,50 € e 4,50 € máximo.

Os importes mensuais en concepto das tarifas que correspondan en cada caso satisfaranse directamente ás empresa prestadora do servizo.

Se durante o curso escolar a renda per cápita familiar diminuíra, a familia poderá solicitar á dirección do servizo de comedor tramitar a revisión da cuota que estea abonando polo seu uso.

## HORARIOS

O servizo de comedor prestarase desde o primeiro día lectivo de setembro ata o derradeiro día lectivo de xuño, é dicir do 10 de setembro de 2020 ao 22 de xuño de 2021 en horario de 13:30 a 15:30 horas.

Para atender ao número de prazas ofertadas establécense varias quendas de xantar:

- **1ª quenda** ás 13:30 a 14:00 horas para o alumnado de **Educación Infantil**, hora de recollida 14:30h
- **2ª quenda** ás 14:10 horas a 14:40 horas para o alumnado 1º, 2º e 3º de primaria con hora de recollida as 15:30h
- **3ª quenda** de 14:50h a 15:20h para o alumnado de 4º, 5ºA, 5ºB, 6ºA, 6ºB, con horario de saída 15:30h.

A recollida dos comensais será realizada preferentemente en dous turnos: 14:30h para Educación Infantil e 15:30 horas para os alumnos de educación primaria. As familias indicarán no impreso de inscrición do servizo o turno de recollida elixido así como a persoa ou as persoas autorizadas a recoller o/aneno/a, e agardarán fóra do recinto escolar, na porta de entrada, a que lles sexan entregados polas coidadoras.

A partir das 15:30 h. remata o horario de traballo do persoal de comedor polo que os usuarios de comedor serán responsabilidade das familias. No caso de non ser recollidos as 15:30 horas actuarase seguindo o protocolo correspondente nestes casos (**Instrucción 3/2020** anteriormente citada).

Nalgúns casos as familias poderán establecer individualmente outro horario de recollida do/a neno/a, sempre que o xustifiquen debidamente e teñan a autorización e o visto bo da dirección do comedor.

## ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS E O TEMPO DE LECER

### ❖ COMEDOR

Tentarase en todo momento que o comedor sexa un espazo o máis tranquilo e acolledor posible, evitando no posible o bullicio innecesario no momento do xantar. Para elo, a entrada ao comedor será do seguinte xeito:

- Entrará en primer lugar, ás 13:30 h ata 14:00h o **1º turno**, formado polo alumnado de Infantil e 4º, 5º e 6º de **Educación Infantil** (O alumnado de Educación Infantil será recollido nas aulas uns minutos antes polas coidadoras ), hora de recollida polas familias 14:30h
- En segundo lugar o **2º turno**, arredor das 14:10h ata 14:40h formado polo alumnado de 1º, 2º e 3º Primaria, hora de recollida polas familias 15.30h
- **3º turno** alumnado DE 4º, 5ºA, 5ºb, 6ºA e 6ºB de primaria de 14:50h ata 15:20h , hora recollida polas familias 15:30h
- **Deben manterse os grupos de convivencia estables** (o alumnado de cada grupo debe ter un lugar fixo no comedor).

### ❖ ESPAZO DE RECREO E DE LECER

Os tempos de espera das diferentes quendas, tanto para a entrada ao comedor da 2ª e 3ª quenda como a espera para ser recollidos de ámbolos dous, se establece da seguinte forma:

- Distribución do patio de recreo cuberto e pistas deportivas segundo as idades, realizando xogo libre ou ben dirixido polo personal do comedor.
- Se as condicións metereolóxicas non son favorables para o uso dos patios de recreo exteriores, os nenos e nenas de Infantil usarán a aula

de psicomotricidade na planta -1, xunto ao ximnasio, e os de Primaria estarán na Sala de Usos Múltiples visionando un documental ou unha película, **sempre mantendo os grupos estables de convivencia.**

## OBXECTIVOS DO SERVIZO DE COMEDOR

- Traballar para que o comedor sexa un elemento educativo máis dentro do proceso de formación integral do alumnado, facendo partícipes tanto ao persoal docente que colabore na súa xestión e traballadores e traballadoras do servizo, como ás familias dos comensais, para que colaboren, apoiem e reforcen todo o realizado no tempo de comedor.
- Proporcionar unha dieta o máis completa, equilibrada e variada posible para o noso alumnado.
- Desenvolver no alumnado hábitos alimentarios saudables e sociais, para unha mellor educación para a saúde e a convivencia entre todos.
- Conseguir uns bos hábitos e **hixiene persoal**, lavado de máns á entrada e saída do comedor, seguindo sempre o protocolo.
- Ter unha boa hixiene postural á hora de sentarse á mesa e unha adecuada habilidade e destreza á hora da utilización correcta da culler, garfo e coitelo no xantar. Éste último elemento será utilizado polos comensais só na etapa de Primaria.
- Desenvolver o compañerismo, respecto e tolerancia cara aos demais e as súas diferenzas, respectando as normas que rixen o comedor e coidando o seu espazo e mobiliario.
- Traballar pola consecución dun entorno físico e social saudable, onde predomine a armonía .

## PERSOAL DE ATENCIÓN AOS COMENSAIS.

O número de persoas de atención aos comensais no servizo de comedor e nos períodos de tempo libre anteriores e posteriores terá a ratio establecida no punto 8.5.f da orde 21 de febreiro de 2007 que rixe os comedores escolares que a continuación queda aquí reflexado:

- 1 coidador/a por cada 15 nenos ou fracción na etapa de Infantil.
- 1 coidador/a por cada 25 nenos ou fracción na etapa de Primaria.

Este curso o comedor escolar estará atendido por seis coidadoras:

- M<sup>a</sup> Ángeles Álén Alves
- M<sup>a</sup> Dolores Álvarez Álvarez
- Angelina Barreiro Gómez
- Verónica Costas Rodriguez
- Yolanda García López(sustituida por Aida Couso García)
- Pilar Gil Simón

### **FUNCIONES:**

As súas funcións serán as seguintes:

- Preparación/recuperación das comidas, adecuación das mesas, distribución e emplatado, e recollida tanto de menaxe, equipamento e instalación, así como a limpeza do mobiliario de comedor utilizado e arrombado do solo.
- Coidado e apoio ó alumnado, que pola súa idade e/ou necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dunha persoa adulta nas actividades de alimentación e aseo.
- Coidado e mantemento da hixiene dos nenos. **Insistirse no lavado de mans, antes e despois da comida**, con auga e xabón, así como o cepillado dos dentes despois do xantar.



- Acompañarán ó alumnado usuario do servizo ás instalacións do comedor tendo especial coidado co alumnado de educación infantil, e levando o control dos usuarios non asistentes.
- Adopción de medidas necesarias para que a distribución nos dous turnos de comedor non impida una inxesta satisfactoria naquel alumnado que precise maior tempo.
- Desenvolvemento de programas de Autonomía Persoal do alumnado, en relación coa alimentación e o aseo.
- Preparación/recuperación das comidas, adecuación das mesas, distribución e emplatado, e recollida tanto de menaxe, equipamento e instalación, así como a limpeza do mobiliario de comedor utilizado e arrombado do solo, respectando o Plan de Traballo Post Covid scolarest e Medidas Preventidas no Servizo de Restauración da empresa

#### **EUREST COLECTIVIDADE SL.**

- Coidado e apoio ó alumnado, que pola súa idade e/ou necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dunha persoa adulta nas actividades de alimentación e aseo (coidadora).
- Coidado e mantemento da hixiene dos nenos. **Insistirase no lavado de mans, antes e despois da comida**, ben con auga e xabón, así como o cepillado dos dentes despois do xantar.
- Recollida do alumnado nas aulas os alumnos/as de **Educación Infantil** uns minutos **antes das 13 :30h**( deben saír coas mans lavadas da aula) cada curso cunha coidadora **4º,5º e 6º de EI**,o alumnado de **EI** terá asignado un aseo na **2ª planta** e **os alumnos/as de NEE** acudirán a un **aseo de uso exclusivo por alumno/a coa coidadora na 1ª planta** (servizo de uso exclusivo para alumnado con coidadora).
- O alumnado de **Educación Primaria 1º, 2º,3º e 4º** serán recollidos por unha coidadora cada curso as **13:50h** ata as **14:10h** para ir aos servizos e **lavado de mans** cada alumno/a debe ir aos servizos

asignados por curso e planta, **1º e 2º na planta 2ª, 3º e 4º na planta terceira**, o alumnado de **5º A e B e 6º A e B** deben ser recollidos ás **14:00h** en cada aula por unha coidadora e deben acudir aos aseos asignados na **planta 3ª** para **lavado de mans** durante dez minutos.

- Acompañarán ó alumnado usuario do servizo ás instalacións do comedor tendo especial coidado co alumnado de educación infantil, e levando o control dos usuarios non asistentes.
- Adopción de medidas necesarias para que a distribución nos dous ou tres turnos de comedor non impida una inxesta satisfactoria naquel alumnado que precise maior tempo.
- Desenvolvemento de programas de Autonomía Persoal do alumnado, en relación coa alimentación e o aseo.
- Proporcionar orientacións en materia de educación para a saúde e de adquisición de hábitos sociais.
- Resolución das incidencias que se puidesen presentar durante o tempo de atención aos comensais e deixar reflexado por escrito no libro de rexistro de incidencias aquelas que se consideren relevantes.
- Comunicar ao director do servizo de comedor as incidencias que xurdan na execución diaria dos contratos así como as que teñan lugar co
- **Entre cada turno de comidas dedicaranse 10 minutos para a limpeza das mesas e sillas do alumnado antes de entrar o seguinte turno** (esta limpeza será levada a cabo por personal da empresa mantelnor en horario de 13:30h ata as 15:30h )

#### COORDINADORA DO PERSOAL DE COMEDOR:

Designarase a un traballador (escollido de entre o equipo de coidadores/as) que exercerá as funcións de interlocutor de comedor escolar entre as traballadoras do catering e a directora responsable do servizo de comedor.

A persoa coordinadora é M<sup>a</sup> Dolores Álvarez Álvarez.

## DIRECTORA DO SERVIZO DE COMEDOR

A dirección do comedor escolar é competencia da dirección do centro.

O director/a do servizo de comedor escolar poderá delegar nun membro do claustro a obriga da presenza física no centro durante o tempo de xantar e os periodos temporais e posterior a este.

Durante este curso a directora do Ceip plurilingüe A Doblada delega a presenza no centro durante o horario do comedor escolar na mestra Olga Miguel Díaz.

Entre as súas funcións están:

- Controlar que o menú servido se axusta ó previamente planificado pola empresa concesionaria do servizo e informar a pais/nais e usuarios mensualmente a través da correspondiente planilla, que se publicará no taboleiro de anuncios do centro e na paxina web do centro.
- Verificar a adecuación do menú servido ó alumnado con necesidades alimentarias especiais sempre e cando estas últimas foran previa e adecuadamente comunicadas e xustificadas documentalmente coa presentación dun informe médico.
- Recoller as queixas e suxerencias que directamente lle transmitan os pais/nais ou tutores usuarios do servizo e xestionalas dacordo co establecido por lei.
- Transmitir á Xecretaría Xeral Técnica as irregularidades contractuais que afecte ao adecuado funcionamento do servizo de comedor e que non podan ser resoltas directamente coa empresa concesionaria.
- Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo do comedor aos usuarios deste servizo.
- Mantemento e xestión da aplicación informática COMEDORES: Relación de usuarios do servizo e Certificación mensual de cubertos consumidos.

- Calquera outra que veña fixada na **Orde 132/2013 do 1 de agosto** e nas **Instrucción 3/2020 da Secretaría Xeral Técnica do 16 de xuño de 2020**.

## NORMAS PARA AS FAMILIAS USUARIAS DO SERVIZO DE COMEDOR

As normas que rixen o comedor, e que son de obrigado coñecemento, aceptación e obrigado cumprimento por parte das familias dos usuarios do comedor desde o momento en que comezan a facer uso do servizo son as seguintes:

- Non está permitido a entrada ao recinto escolar ás familias ou persoas alleas ao servizo durante o horario do comedor escolar. **O alumnado será recollido na cancela de entrada ao centro.**
- Poderase individualmente establecer outro horario de recollida do/a neno/a sempre que as circunstancias persoais da familia o obriguen e teña a autorización e o visto bo das coidadoras do comedor.
- A recollida tardía do comensal por parte da familia é considerada falta leve e obrigará á firma dun parte de incidencias por parte da nai, pai, titor legal ou persoa autorizada para recoller ao neno/a. A reiteración nesta falta nun mesmo mes sen causa xustificada dará lugar á perda do uso do comedor durante unha xornada e, de repetirse durante o trimestre, poderá dar lugar á apertura dun expediente de baixa no servizo de comedor para o resto do curso escolar.
- A decisión da suspensión do servizo de comedor por retrasos reiterados inxustificados na recollida dun comensal adoptarase en Consello Escolar á proposta da dirección do servizo.
- Segundo as **Instruccións 3/2020** da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados en centros públicos de Galicia o alumnado menor de 10 anos poderá ser recollidos por outro adulto, irmá ou irmán que curse 5º ou 6º de primaria, educación secundaria, formación

profesional ou bacharelato, sempre que os responsables cubran unha ficha cos datos das persoas autorizadas. O alumnado de 5º e 6º poderá marchar só para casa sempre que as persoas que teñen a súa garda e custodia entreguen na Dirección do centro unha autorización eximindo á Consellería de calquera reponsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares.

- Os usuarios do comedor que vaian sós para casa teñen que contar cunha autorización asinada polos seus pais ou titores legais. En xeral serán autorizadas as peticións para nenos e nenas de 10 anos ou máis, sempre que coñecidas as súas circunstancias persoais, éstas o permitan.
- Segundo recolle o **Decreto 132/2013 do 1 de agosto**, polo que se regulan os comedores escolares dos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación respecto á elaboración de menús “O menú será **único para todos os usuarios** do comedor escolar, **agás** nos casos de alumnos que padezan calquera tipo de **intolerancia ou alerxia alimentaria**, xustificada mediante **certificado médico.**” Polo que a empresa concesionaria do servizo informa que non se atenderán dietas **adaptadas a creenzas relixiosas**, indicacións de naturópatas, escritos asinados polos titores, etc.
- As observacións especiais de tipo alimentario que teña o/a usuario/a do comedor: alerxias, dietas, etc. deberán ser comunicadas á dirección do comedor escolar acompañadas do correspondente informe médico, para ser tidas en conta á hora de establecer o menú que corresponda pola empresa de catering.
- Para solicitude do cambio de menú puntuais, máximo 5 días, por enfermidade leve e transitoria, hai que comunicalo e xustificalo á dirección do servizo ou coidadoras antes das 9:15 h., solicitando o tipo de dieta e a duración. Se se prolongase a circunstancia que o motivou precisárase aportar un informe médico.

- Calquera modificación relativa á frecuencia semanal do uso do servizo de comedor comezará no mes seguinte ao que se fai a comunicación e sempre con polo menos 5 días de antelación.
- Todos/as os/as os pais/nais/titores de usuarios/as que NON asistan ó comedor teñen a obriga de comunicalo e xustificalo ao colexio alomenos cun día de antelación e o máis tardar ás 9:15 h. se concurren circunstancias especiais súbitas de tipo médico ou familiar e o farán por medio dunha nota escrita dirixida á dirección a través do mestre/a-titor/a ou comunicándoo por teléfono. De non facelo, serán advertidos de baixa no servizo á 3ª falta no mes, e de non asistir de xeito continuado coa frecuencia solicitada durante o mes en curso dará lugar a perda da praza de comedor según marca o punto 7 das **instrucións 3/2020 da Secretaría Xeral Técnica**.
- En ningún caso se lles poderá administrar aos nenos/as medicamentos, nin por petición nin por autorización dos seus pais/nais ou titores legais. Terán que ser eles os que os administren, ou ben os familiares autorizados expresamente e por escrito polos mesmos.
- O número de teléfono do comedor para avisar de calquera problema ou posible retraso ou non asistencia ao comedor escolar é o do centro: 886120154
- O pago dos recibos do comedor farase domiciliando os pagos á entidade mercantil adxudicataria do contrato do comedor segundo modelo proporcionado pola xestora da mesma e faranse efectivo arredor do día 10 de cada mes e xustificándoos ao director do servizo.
- En caso de impago do comedor seguirase o procedemento sancionador que regula á instrucción 3/2020 do presente curso escolar.
- Durante o horario do comedor os alumnos/as cumprirán as normas de hixiene e comportamento que se establecen neste Protocolo de funcionamento do comedor escolar.
- Estas normas estarán a disposición das familias dos usuarios e expostas no comedor en lugar visible para todos os comensais.

## NORMAS DE COMPORTAMENTO E DISCIPLINA

A regulación do réxime disciplinario respetará, en todo caso, a normativa autonómica sobre convivencia no centro establecida na actualidade na Lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa, o Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, na que se desenvolve, e as medidas correctoras específicas que se establecen no NOF do centro.

Son as seguintes:

- ✓ **Antes de entrar a comer o alumnado lavará e secará as mans.**
- ✓ Entrarán ao comedor despacio e empregando un ton moderado ao falar, **sentándose de forma ordenada onde lle corresponda e sempre no mesmo lugar.**
- ✓ Colaborarán en todo momento co persoal do comedor e terlle o máximo respecto e seguir en todo momento as súas indicacións para o bo funcionamento do servizo de comedor escolar. Os usuarios deben entender que o persoal de comedor é o responsable deles o tempo que pasen no colexio desde as **13:30 h** ata as **14:30h os alumnos/as de EI**, e os alumnos de **Educación Primaria 1º, 2º,3º e 4º** dende as **13:50h** ata a recollida **15:30h** que son recollidos polas familias, e os alumnos/as de **5ºA e 5ºB e 6º A e 6º B** dende as 14:00h ata a recollida **15:30h**
- ✓ Os comensais deberán pedir con corrección ao persoal do comedor calquera cousa que precisen.
- ✓ Comerán de todo, tanto do 1º como do 2º prato, así como a sobremesa, adecuando a cantidade a súa idade.
- ✓ Deberán comportarse en todo momento de maneira adecuada na mesa, sen molestar aos compañeiros e coidando a correcta postura e os bos modais á hora de comer.
- ✓ Esperarán no lugar indicado, sentados, tranquilos e sen alzar a voz nen facer alboroto, para baixar cando se lles indique ao patio (**zona de xogos pintados no chan e separados por cursos**) ou ao espazo de

lecer establecido no caso de que as condicións metereolóxicas impidan saír ao exterior do edificio.

## SANCIÓNS

As infraccións tipificadas como leves ou graves están recollidas na normativa citada ao principio.

As sancións correspondentes sempre estarán de acordo co disposto na Lei e graduándoa conforme ó principio educativo, recuperador e proporcionada e sempre cun espírito conciliador para chegar mellor á resolución dos conflitos. Ás familias estarán informadas destes procedementos directamente cando as sancións leves sexan reiteradas, e por escrito cando sexan de carácter grave, poidendo efectuar alegacións.

- **Faltas leves:**

A sanción das faltas consideradas leves consistirán en:

- Amonestación verbal e reflexionar sobre a súa conduta.
- Perda do dereito á saída ao tempo de recreo despois de xantar.
- Cambio de ubicación no comedor ou cambio de quenda.
- Realización de tarefas comunitarias dentro do ámbito do comedor.
- Comunicación aos pais ou titores legais da súa conduta.

O persoal de comedor encargarse da aplicación das sancións por faltas leves.

As medidas correctoras das faltas leves prescriben ao final do trimestre.

O persoal de comedor deixará rexistrado por escrito as faltas reiteradas cando o estime necesario no libro de incidencias, para coñecemento do director do servizo e adopcións doutras medidas correctoras se o estimara necesario con fin de asegurar en todo momento un bo ambiente e o respecto ás normas de convivencia.

### **Faltas graves:**



As sancións por falta grave dará lugar á prohibición do uso do servizo do comedor escolar por un de 1 día e ata un período non superior a 5 días.

Realización de tarefas comunitarias dentro do ámbito do comedor

Terán a consideración de falta grave:

- A reiteración en alomenos tres ocasións durante un trimestre dunha falta leve.
- Todas aquelas establecidas na Lei arriba citada.

O director do servizo de comedor se encargará de imponer as sancións por faltas graves en primeira instancia, sempre de acordo co disposto na Lei.

As medidas correctoras das faltas graves prescriben ao final do curso escolar. As familias serán informadas por escrito da falta grave cometida polo neno ou nena e serán citados para unha entrevista onde se lles informará das medidas a adoptar.

As medidas correctoras que conleven unha suspensión do servizo do comedor de ata un mes ou superior será adoptada en Consello Escolar.

## PROTOCOLO DE EMERXENCIA

Se se produce algún accidente, segundo o grao, as coidadoras do servizo de comedor escolar, baixo a supervisión do director do servizo, actuarán da seguinte maneira:

### a) **Accidente leve.**

- No comedor cóntase cun botiquín de primeiros auxilios e utilizarase para curar ao ferido/a.
- Comunicarase cos pais, familiares ou titores legais do accidentado se fora necesario que o viñeran recoller antes da hora estipulada de recollida.
- Por en coñecemento da familia do accidentado o sucedido e as circunstancias nas que se produciu o accidente no momento da recollida.

### b) **Accidente grave.**

- O persoal do servizo de comedor chamará ao 112-061 e comunicaranse coa familia do/a ferido/a para notificarllo e por no seu coñecemento as circunstancias nas que se produciu o accidente.
- O coidador/a do servizo que presenciou o accidente deixará constancia por escrito no libro de rexistro do sucedido ou recabará toda a información que poida entre os que presenciaron o accidente, para explicar ben as circunstancias nas que sucedeu, na procura de estudar medidas correctoras que eviten outros futuros.

## APROBACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROTOCOLO

Este Protocolo entrará en vigor o día despois da aprobación da PXA en Consello Escolar e terá vixencia dun ano académico( 2020/2021), prorrogable só ata a aprobación dun novo protocolo no 1º Consello Escolar do curso escolar 2021/2022 e sen prexuízo das modificacións que por motivos de urxencia deban adoptarse durante este curso 2020/21 dada a situación de pandemia que estamos vivindo a vixencia do mesmo.

A solicitude e utilización do servizo do comedor implica obrigatoriamente tanto ao persoal do servizo, coma aos usuarios e usuarias do servizo de comedor e as familias dos comensais, a aceptación das normas que neste protocolo se citan.